

DRAMA NA EIRA DA XOANA

(CONTOS DO TIO-VIVO)

Xosé Salvadores

No mes de xullo andei na Eira da Xoana e presenciei un feito terrible no camiño que leva ao coto. Un personaxe movíase inqueda diante dunha tobeira. Enfoquei o obxectivo e observei. O protagonista desta historia tiña unha vítima atordada colocada enfronte da entrada do tobo. En poucos minutos, o verdugo meteu a desgraciada presa, aínda viva, no estreito burato, feito á medida, e comezou a emparedala. Con pedras escollidas, terra e restos vexetais pechou a horrible prisión. Aquel era un enterramento en vida que implicaba unha morte segura.

Cando marchei, desacougado, matinei na sorte que eu tiña porque os xenes me fixeran humano, especie dominante

sen depredadores terroríficos, e porque o destino me puxera no primeiro mundo, no século XX e nun período calmo de entreguerras.

Quen protagonizou este feito, tan natural, foi a *Ammophila sabulosa*, unha avésa moi distinguida que non é infrecuente e que para reproducirse parasita vermes.

Esta avésa, duns 3cm de longo, é un himenóptero dos chamados apócritos porque o seu tórax está separado do abdome por un fino tubiño chamado pecíolo que, neste caso, ocupa a terceira parte do corpo, polo que ten unha cinturiña de avésa ben aparente. Ademais, a *Ammophila* ten no abdome unha

cor vermella explosiva que advirte claramente aos posibles depredadores que non é comida fácil.

A femia desta especie ten, como outras do mesmo grupo de avésas cavadoras, o extravagante costume de facer cara ao verán un tobo en lugares areosos, soleados e secos, razón pola que aproveita en numerosas ocasións os camiños. O buratiño na area cerra a cunha pedriña antes de saír de caza.

Unha vez localizada a presa, unha eiruga que poida transportar, paralizaa coas súas toxinas e lévaa até a entrada da cova. Neste momento, coas potentes queixadas, abre o burato, mete o verme dentro, pon o ovo sobre del e obstrúe a entrada cunha pedriña axeitada ao tamaño do oco. Logo, engade outras pedras e material diverso, que bota con axilidade e destreza como se fose calquera mamífero escavador xa que, volta de costas á entrada, utiliza as patas de diante para mandar os diferentes materiais ao burato. Cada pouco asegúrase de que todo vai quedando como ela considera acaído. Cando remata o labor, marcha facer outro niño para continuar co mandato de se reproducir.

O que lle pasa ao verme cando a larva fomenta da *Ammophila* empece a saír do ovo, é mellor non pensalo, e limítarnos a recordar que a natureza dispón de mecanismos para evitar sufrimentos, como o de privar de consciencia as vítimas.

O certo é que nas relacións entre seres vivos ocorren ás veces situacións que non son precisamente doces e agradábeis para a nosa maneira de ver e interpretar a realidade, pero a natureza é así. A *Ammophila* non é cruel dándolle aos seus descendentes a comida dun ser aínda vivo: ela non ten opción de escoller. Isto é só patrimonio da humanidade, que non por iso deixa de comer, ás veces, actos feroces e absolutamente repulsivos. A evolución levou a algúns animais a ter comportamentos que poden parecer crus, pero así están deseñados: para eles o único importante é vivir para perpetuar a especie.

X. Salvadores



O drama da Eira da Xoana en imaxes.